

Instrucións para a solicitude de recoñecemento de créditos ECTS para actividades NON recollidas no Regulamento aprobado en Consello de Goberno de 10 /10/ 2016.

Os estudantes que teñan realizado actividades non recollidas no presente regulamento, poderán solicitar o seu recoñecemento a título individual á **Vicerreitoría con competencias en estudantes, previo informe da persoa responsable da titulación de grao á que se pretenda incorporar os créditos recoñecidos.**

1. A persoa interesada debe cumprimentar debidamente o impreso de solicitude.
2. Xunto co impreso, aportará unha copia do diploma/ certificación obtida na que se indique o número de horas realizadas xunto co programa da actividade.
3. Presentará esta documentación nas unidades correspondentes do centro da titulación de grao na que pretenda incorporar os créditos recoñecidos, que darán traslado ao decano/a, director/a para que, emita informe ao respecto.
4. De contar con informe favorable, estas unidades darán traslado da petición á Vicerreitoría con competencias en estudantes, que resolverá e notificará individualmente as peticións.
5. A resolución emitida pola Vicerreitoría competente será a todos os efectos o documento con validez que a persoa presentará na secretaría de alumnado do centro da titulación de grao na que pretenda incorporar os créditos recoñecidos para facer efectivo ese recoñecemento de créditos.